PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

CICLOS FORMATIVOS EN MODALIDADE PRESENCIAL (ORDINARIA)

1. OFERTA DE CICLOS EN MODALIDADE ORDINARIA

O IES Luís Seoane oferta os seguintes ciclos en modalidade presencial:

- Ciclo Medio de Xestión Administrativa
- Ciclo Superior de Administración e Finanzas
- Ciclo Superior de Asistencia a Dirección
- Ciclo Medio de Actividades Comerciais
- Ciclo Superior de Comercio Internacional
- Ciclo Superior de Vendas e Espazos Comerciais

A oferta completa do centro pode consultarse en:
https://iesluisseoane.org/formacion-profesional/

A relación de módulos por ciclo pode consultarse en:
https://www.edu.xunta.gal/fp/familias-profesionais

A información oficial sobre o proceso de admision de fp pode consutarse en:
https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-26-27

2. SOLICITUDE DE PRAZA 1º CURSO

Todo o alumnado debe solicitar praza no ciclo que lle interese dentro dos prazos oficiais do calendario de admisión 26/27 ver calendario.

É responsabilidade do alumnado estar atento aos prazos.

A solicitude, adxudicación e reserva de prazas xestiónase integramente a través da aplicación Ciclos Admisión: https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/

O alumnado debe estar atento á aplicación para consultar a adxudicación e reservar a praza dentro dos prazos establecidos.

AÍNDA QUE A PRAZA ESTEA ADXUDICADA SE NON RESERVA A TEMPO PERDERÁ A PRAZA

Entrega de documentacion para confirmar a matrícula

Unha vez reservada a praza na aplicación o alumnado considérase matriculado no curso, **pero debe entregar a documentación durante a primeira semana de curso ou se procederá á súa baixa.**

- Título de acceso (orixinal ou copia compulsada)
- Copia do DNI
- Dúas fotografías tamaño carnet
- Xustificante de pago do seguro escolar (están exentos os maiores de 28 anos)

Datos para o pagamento: Transferencia bancaria ou ingreso en oficina ABANCA
Importe: 1,12 € IBAN: ES51 2080 5478 8830 4010 2812

3. SOLICITUDE PRAZA 2º CURSO

O alumnado que xa cursou 1º no IES Luís Seoane e quere continuar en 2º ten que entregar a solicitude en papel (formulario dispoñible en conserxería ou neste enlace) e o xustificante do pago do seguro escolar **entre o 24/06 e o 03/07.**

Se procede doutro centro ou doutro ciclo tamén debe presentar a solicitude en papel indicando o ciclo e centro de orixe e o ciclo solicitado.

Se non confirma a súa praza para 2º corre risco de perdela porque poden chegar solicitudes doutros institutos ou doutros ciclos compatibles.

Información e enlaces dispoñibles na web do instituto
https://iesluisseoane.org/admision-fp/